

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MONDARIZ PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO “SERVIZO DE ASISTENCIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA”.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): E1BCPZ90CG0PZMCZ



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MONDARIZ PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO “SERVIZO DE ASISTENCIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA”

Pontevedra/ Mondariz

INTERVEÑEN

Don Luis López Diéguez, presidente da Deputación, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Don Xoán Carlos Montes Bugarín, alcalde do Concello de Mondariz, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que se lle atribúen o artigo 124.1.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Dá fe do acto, a persoa que obste a titularidade da Secretaría Xeral da Deputación de Pontevedra, no momento da sinatura electrónica.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar esta addenda e en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro. Que con data 13 de agosto de 2018, por medio de Resolución Presidencial (Rex. nº 2018015981), aprobouse o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “servizo de asistencia en materia de Protección de Datos”.

Segundo. Que a cláusula duodécima do convenio recolle que a duración do convenio poderá ser prorrogada ata dous anos máis no caso de que se acorde a prórroga do acordo marco que rexe o procedemento de contratación do servizo.

Terceiro. Que a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina que a prestación homoxénea de servizos constitúe un obxectivo prioritario e para a súa



consecución dirixiranse, preferentemente, as funcións asistenciais e de cooperación municipal das deputacións provinciais. Nesta liña, no artigo 84 desa lei indícase que lle corresponde ás Deputacións provinciais asegurar a axeitada prestación dos servizos que lles requiran os municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Cuarto. Que a Deputación de Pontevedra, consciente da demanda e a importancia do servizo de asistencia en materia de protección de datos desexa estender, mediante esta addenda, o seu ámbito de aplicación.

Quinto. Resultando de interese para os concellos adheridos continuar co servizo de asesoramento en materia de protección de datos.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia

Prorrogar en dous anos a vixencia do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “servizo de asistencia en materia de Protección de Datos para as entidades locais da provincia”.

A vixencia total do presente convenio non se estenderá máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDA.- Efectos da addenda

A presente addenda xurdirá efectos dende a súa sinatura.

Salvo nas modificacións expostas na presente addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.

TERCEIRA.- Réxime xurídico

A regulación establecida nesta addenda axustarase, en todo o non especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente addenda ao convenio de colaboración para a adhesión das entidades locais da Provincia ao servizo de asistencia en materia de protección de datos.

Asinada dixitalmente.

